- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Wiederholung : Zusammenfassung	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	- Realizar unha redacción sobre o tema escollido, empregando o vocabulario e coñecementos adquiridos, segundo un modelo do libro e as indicacións da profesora.	PE	30
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	- Test final, incluíndo as destrezas básicas do idioma.		
CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiás de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	- Lectura e tradución de textos sobre os diversos temas tratados.	TI	70
CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descriucións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que <i>no caso da oralidade</i> estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	- Exercicio de relación de información, redactando oracións completas sobre un ou varios temas tratados na clase.		
CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	- Realización de exercicios na pizarra dixital, relacionando o vocabulario e imaxes, e interactuando correctamente cos compañeiros e a profesora.		
CA1.4 - Comprender descriucións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	- Lectura e resolución de exercicios no libro de actividades. - Resolución de tests no libro de actividades (incluíndo descriucións, narracións e diálogos, coas correspondentes tarefas)		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	- Lectura sobre un tema de referencia: os alumnos formularán as súas opinións oralmente e por escrito, segundo os textos-modelo do libro.		
CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	- Completar un formulario contestando ás informacións requiridas en base a unha audición ("Hörverstehen") - Completar un formulario coa nosa información personal.		
CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adequación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	- Redactar e ler unha conversación sobre un tema concreto, segundo os esquemas do libro de texto.		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	- Resolver exercicios da pizarra dixital contestando ás informacións solicitadas pola profesora.		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	- Realizar exercicios de pregunta-resposta para fixar as estruturas e o vocabulario (plenum)		
CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	- Intervir na clase, interactuando coa profesora, para elaborar oracións ben estruturadas seguindo un patrón gramatical explicado e empregando o vocabulario da unidade.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	- Intervir na clase, interactuando coa profesora, para elaborar oracións ben estruturadas seguindo un patrón gramatical explicado e empregando o vocabulario da unidade.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	- Formular preguntas e facer textos breves sobre o tema en base a un contexto dado na aula.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	- Elaborar diálogos por escrito para logo representalos oralmente diante dos compañeiros, en base ás imaxes sobre o tema elixido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	- Completar táboas de información sobre o tema de referencia para logo redactar a opinión personal segundo ese esquema gramatical.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	- Búsqueda e comparación do vocabulario común do tema nos idiomas alemán, francés e inglés.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	- Intervir na clase, interactuando coa profesora, para elaborar oracións ben estruturadas seguindo un patrón gramatical explicado e empregando o vocabulario da unidade.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	- Realización de tests finais de repaso para comprobar os coñecementos adquiridos (gramática, sintaxe e vocabulario) entre o propio alumnado e posta en común.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	- Completar os esquemas-resumo da gramática e sintaxe . - Redactar conclusións breves e comparacións lingüísticas entre os idiomas alemán e inglés.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	- Empregar o vocabulario axeitado na expresión oral e escrita relativa ao tema de referencia.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	- Empregar o vocabulario axeitado na expresión oral e escrita relativa ao tema de referencia.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	- Lectura comprensiva e preguntas sobre o texto para identificar anglicismos e galicismos nun texto escrito en lingua alemana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.

Contidos

- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos).
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo).
- Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con

Contidos

- estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía da materia ten como base o traballo das 4 destrezas básicas do idioma:

- 1) Hörverstehen: CD do libro de texto así como doutros libros de textos relacionados co tema a tratar, CD-ROM do libro de texto, cancións e exercicios on-line de diferentes páxinas web como Langenscheidt, Hueber o Klett.
- 2) Leseverstehen: traballar cos textos do libro de texto, así como con textos elaborados polo profesor en fichas adicionais.
- 3) Schreiben: redactar pequenos textos axeitados ao nivel tanto en casa como na clase
- 4) Sprechen: realizaránse diálogos en parella, presentacións orais en clase, lecturas en voz alta atendendo a unha correcta pronunciación, correccións de exercicios de forma oral.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Kursbuch (libro de texto) e Arbeitsbuch (libro de actividades)

- Libro de texto - Kursbuch Magnet neu A2 ISBN 978-3-12-676085-0 - Editorial Klett
- Libro de actividades- Arbeitsbuch Magnet neu A1 ISBN 978-3-12-676086-7 - Editorial Klett

Co seu enfoque metodolóxico, MAGNET A2 aposta por contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas procurando que as actividades estean centradas non significado, ou que obriga vos alumnos a poñer en xogo non só vos seus coñecementos dá lingua alemá, senón tamén outros aspectos dá súa personalidade. Así, vos estudantes deberán mobilizar vos coñecementos lingüísticos que foron adquirindo para poder realizar actividades cun obxectivo extralingüístico, ou que lles levará a interiorizar ou uso a lingua estranxeira e a comprender ou seu funcionamento dunha forma práctica e intuitiva.

Ademais, a reflexión sobre a aprendizaxe ten unha presenza constante: promóvese a aprendizaxe autónoma dando ferramentas e modelos para a organización do traballo persoal nas seccións Grammatik auf einen Blick e Wortschatz: Dás ist neu! e animar á autoavaliación na sección Ich kann... do Caderno de exercicios.

Para rematar, tívose moi en conta que a adquisición do alemán como lingua estranxeira supón unha dificultade maior que a adquisición doutras linguas románicas, como ou francés, ou ben máis vinculadas ao latín, como ou inglés. Por iso, MAGNET propón unha forma sinxela e pautada de achegarse ao idioma que permite aos estudantes adquirir seguridade e afianzar vos seus progresos en cada fase da aprendizaxe antes de abordar contidos novos.

Este novo curso en dous volumes ofrece un enfoque ideal para cursos de alemán como lingua optativa na ESO. Grazas á súa clara estrutura, o método dá unha gran seguridade aos alumnos e resulta moi fácil de manexar.

Cada volume consta de dez unidades e de cinco seccións de repaso. Cada unidade está dividida en bloques temáticos e ofrece un compendio de léxico e de gramática

Libro do alumno + CD | 144 páxinas 978-84-236-7114-4

¿ 10 unidades didácticas con temas interesantes e actuais para os novos

¿ Exercicios e actividades variados que fomentan a autonomía de aprendizaxe

¿ Unha sección de cultura e civilización Infobox Landeskunde en cada unidade

¿ Ao final de cada unidade, unha sección de gramática con explicacións en español (Grammatik auf einen Blick)

¿ En cada unidade, unha lista do vocabulario importante (Wortschatz: Dás ist neu!)

¿ Cada dúas unidades, unha dobre páxina para avaliar o apreso desde a perspectiva das competencias (Zwischenstation)

Caderno de exercicios + CD | 112 páxinas 978-84-236-7135-9

¿ Actividades variadas de repaso e de ampliación

¿ Un resumo do apreso na sección Ich kann...

¿ Un resumo un glosario alemán-español

CD-ROM Guía didáctica (3 Cds) 978-84-236-7161-8

¿ Consellos achega da metodoloxía e a súa aplicación en clase

¿ Actividades complementarias

¿ Exames imprimibles

¿ Un CD audio coas audicións dos exames

¿ Material adicional de cultura e civilización

¿ Un DVD con reportaxes sobre a vida dos mozos en Alemania

¿ As transcripcións das actividades audio e das reportaxes do DVD e as solucións dos exercicios.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- A avaliación inicial consistirá nunha proba escrita dos contidos mínimos correspondentes ao curso pasado.
- Realizaremos probas de interacción oral entre o alumnado e coa profesora.
- Non cualificará para a nota final da primeira avaliación.
- O obxectivo final desta proba é repasar os contidos básicos correspondentes ao nivel do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	20	20	15	15	100
Proba escrita	30	25	25	25	26	30	27
Táboa de indicadores	70	75	75	75	74	70	73

Criterios de cualificación:

Para avaliar os coñecementos dos nosos alumnos seguiremos o procedemento da avaliación continua, integrando todo tipo de actividades na aula (comprensión escrita/oral, interacción, etc.). O rendemento trimestral de cada alumno atenderá ao resultado dos seguintes aspectos:

% Porcentaxe da nota final - Instrumentos de cualificación:

70% Comprensión escrita

O promedio de 2 exames escritos que poderán constar das seguintes partes:

- exercicios de comprensión escrita(Lesen und Schreiben)
- exercicios de comprensión auditiva (Hören und Verstehen)
- redacción (Schreiben) e tradución.
- exercicios de gramática e de vocabulario.

20% Comprensión oral/ interacción

Una proba oral (Sprechen) que poderá consistir en:

- Diálogos sobre situacións reais.
- Presentacións sobre determinados temas ou personaxes.
- Tests pregunta-resposta.

10% Hábitos de traballo individual e/ou en grupo (aula):

- 5% revisión do caderno de exercicios.
- 5% revisión do libro de actividades (Arbeitsbuch)
- Mostrar interese e participar activamente nas actividades propostas na aula son obrigas de todo o alumnado. Así, con este sistema, logramos avaliar tódalas habilidades comunicativas que nos ocupan: comprensión auditiva e lectora (Hören / Lesen) por un lado e expresión escrita e oral (Schreiben und Sprechen) por outro. Se é posible, no terceiro trimestre, trataremos de engadir un traballo de tradución dun libro breve en alemán nos niveis de 4º da ESO e Bacharelato. Isto significaría un 20% da nota global, de xeito que a proba oral sería eliminada e compensada co 10% contemplado no traballo individual e/ou en grupo realizadas na aula ou na casa.

AVALIACIÓN FINAL

En xuño o criterio a seguir para o cálculo da cualificación final será o seguinte:

- 1ª avaliación: 30% da nota final
- 2ª avaliación: 35% da nota final
- 3ª avaliación: 35% da nota final

O resultado destas porcentaxes será a nota da avaliación ordinaria de xuño.

Nunca escala de 0 a 10 puntos, o alumno promocionará ao seguinte curso se a cualificación final chega ao 5.

Criterios de recuperación:

Os alumnos con cualificación negativa a principios de xuño (3ª avaliación) terán que presentarse obrigatoriamente á proba global de finais de xuño co fin de superar a materia na avaliación ordinaria.

Esta proba escrita basearase nos contidos mínimos elaborados polo departamento e publicados na súa programación, e será necesario chegar aos 5 puntos para superala correctamente

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O procedemento para recuperar a materia pendente será o seguinte:

- Probas escritas periódicas para traballar e superar as distintas unidades didácticas : realizaráse unha proba escrita cada trimestre,
- A profesora asesorará ao alumnado, proporcionando material, así coma as explicacións pertinentes e fichas de repaso.
- A superación das tres probas significará o aprobado da materia.

No caso dalgunha avaliación pendente, o alumnado terá a oportunidade de superala na seguinte avaliación, como parte do sistema de avaliación continua, realizando as pertinentes probas escritas.

6. Medidas de atención á diversidade

Un dos elementos que se continúa potenciado segundo a LOMLOE é a atención á diversidade. Evidentemente, unha mesma actuación educaciva, exercida nun mesmo grupo de alumnos produce efectos diferentes en función dos coñecementos previos de cada un deles, das súas capacidades intelectuais, así coma os seus intereses e motivacións ante a vida.

Por este motivo debemos modificar ou adaptar os contidos ou a metodoloxía para que todo o alumnado poidan acadar los obxectivos establecidos. Tamén temos que ofertar actividades de ampliación para aqueles alumnos máis capaces ou máis receptivos.

A atención á diversidade vaise realizar sempre en ambos sentidos. Así, constantemente debemos atender a estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diversas a partir das actividades do libro do alumno e do libro de exercicios.

Os profesores deben calibrar a quen dirixir e propor unhas actividades ou outras e ser conscientes desas diferenzas en todo momento, tamén á hora de avaliar e de planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

As adaptacións da materia de Alemán céntranse nos seguintes aspectos:

- 1 Tempo e ritmo de aprendizaxe.
- 2 Metodoloxía máis personalizada.
- 3 - Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
- 4 - Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
- 5 - Aumentar a atención orientadora
- 6 - Enriquecemento curricular
- 7 - Evaluacións adaptadas ás necesidades destes alumnos

As medidas de atención á diversidade do noso departamento responden a un claro obxectivo xeral: dar unha resposta educativa máis inclusiva e normalizada posible aos diferentes niveis de competencia curricular, capacidades, expectativas e ritmos de traballo, así coma ás diferenzas sociais e culturais do alumnado do centro. Non hai que esquecer, por outro lado, que estamos impartindo unha segunda lingua estranxeira, é dicir, unha materia optativa escollida só por algúns alumnos.

As nosas propostas neste apartado son as seguintes:

- Facer un seguimento personalizado do alumnado con dificultades na materia. Para iso imos propoñer unha serie de traballos a base de fichas de aprendizaxe, exercicios sinxelos e lecturas comprensivas.
- Reforzar as explicacións da clase cunha atención individualizada sempre que sexa posible.
- Aportar material adicional aos alumnos que realmente o precisen para aclarar os conceptos máis básicos da asignatura e chegar así aos contidos mínimos da mesma.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación moral e intercultural	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a non discriminación		X	X			
ET.3 - Saúde e coidado personal			X			
ET.4 - Organización das cidades: interculturalidade.				X	X	X

Observacións:

Educación moral e cívica:

- Educación moral e cívica: comportarse de forma á vez participativa, colaboradora e respectuosa durante as actividades en clase.
- Educación para a interculturalidade: sentir curiosidade polos costumes dun país e por outra cultura.

Educación para a non discriminación:

- Educación moral e cívica: ser responsable do traballo individual, poñer a creatividade ao servizo do equipo.
- Educación para a non discriminación: ter apertura mental cara a outras formas de vivir.

Saúde e coidado personal:

- Educación para a saúde.
- Educación para a non discriminación: darse conta que moitos mozos teñen enfermidades crónicas
- Educación para a saúde: concienciarse da importancia dun estilo de vida saudable

Organización das cidades (interculturalidade)

- Educación para a non discriminación: interesarse polas persoas que son de orixe estranxeiro ou idade diferente (persoas maiores, fillos de inmigrantes...)
- Educación para a interculturalidade: comparar a organización da cidade en Alemania con España.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Elaboración de postais de Nadal.	Redacción dunha felicitación de Nadal e elaboración de postais navideñas.	X		
- Exposición permanente de traballos.	Os alumnos redactan, len e finalmente expoñen os seus traballos na aula.	X	X	X

Observacións:

- Exposición permanente dos traballos feitos polos alumnos sobre as distintas tradicións e costumes da sociedade alemá: Carnaval, turismo, Nadal, ecoloxía e natureza, así como traballos conmemorativos do 1 Día de Alemaña.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
PROGRAMACIÓN
Metodoloxía empregada
VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
RECURSOS, ESPAZOS E TEMPORALIZACIÓN
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
PRÁCTICA DOCENTE

Descrición:

PRÁCTICA DOCENTE

Profesorado e alumnado desempeñaron adecuadamente os roles previstos. Os métodos e estratexias metodolóxicas utilizadas incluían recursos estandarizados, propios e elaborados e adaptados polo profesor. Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima da aula.

RECURSOS, ESPAZOS E TEMPORALIZACIÓN

Os espazos seleccionados para a realización das tarefas foron adecuados. Os espazos contaban con tódolos recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades. O alumnado sabía as actividades que tiña que realizar, os recursos a empregar e o comportamento que se esperaba del. A xestión dos recursos, dos agrupamentos e dos espazos foron adecuados e facilitaron a interacción, a cooperación e a atención ás necesidades educativas especiais. O tempo estimado para a realización das actividades foi suficiente.

VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES

Os instrumentos de avaliación utilizados resultaron adecuados para proporcionar a información sobre a aprendizaxe do alumnado e o grao de consecución dos estándares cos que estaban asociados.

O alumnado foi anotando no seu portfolio os avances na súa aprendizaxe. As tarefas foron utilizadas como fonte de información das aprendizaxes adquiridas.

PROGRAMACIÓN

A programación é ordenada e clara, e inclúe de maneira detallada tódala información necesaria para poder desenvolver adecuadamente a programación de aula.

* Totalmente conseguido (3), Parcialmente conseguido (2), No conseguido (1)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Despois de cada avaliación, os membros do departamento de Alemán (é dicir, eu mesma) se reunirán para falar sobre os obxectivos acadados e as dificultades que presenta cada grupo e tratar de dar unha solución aos problemas que xurdan.

Segundo os niveis de cada clase, poderemos, se o creemos convinte, eliminar, pola súa dificultade, ou ampliar os contidos de cada avaliación, introducir novas actividades ou cambiar de metodoloxía se o que puxemos en práctica, non dá os resultados esperados. A nosa intención é mostrarnos flexibles á hora de introducir cambios na programación, eso quedará reflectido na memoria do curso.

- 1 Desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
2. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
3. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
4. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
5. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
6. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
7. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
8. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
9. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
10. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
11. 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
12. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
13. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final - ordinaria
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
15. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]

16. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
17. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
20. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
21. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
22. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados